

Nazionalistas e Rexionalistas poden traballar xuntos nunha laboura que non sexa política

Os nazionalistas, e os que sin selo fan ostentación de galeguidade, e tamén os rexionalistas que se mal chaman nazionalistas, os orgústas, autonomistas, etc., etc., teñen un terreo de acción, no qual todos poden coincidir, e facer xuntos unha laboura de outa importancia.

No orden político, é absolutamente imposible chegar a ningunha concordanza, e impõe axiña, que cada un, adoite, con craridade e franqueza, unha actitude que non se preste a confusións, compre que os autonomistas ou hespañois vergoñantes, deixen d'acumarse nazionalistas, e compre, que os nazionalistas, os que botaron de sí e aspiran a botar da Terra a influenza hespánica, deixen de pensar que poñen medo as suas ideias e se arreden de toda compangueirada electoral cós elementos que non responden integralmente a Galiza.

Os uns é os outros, deben abandoar a inxénua pretensión de ligar o aceite coa auga e traballar xuntos na laboura en que todos coinciden.

Eiqui, en Bós Aires, hai entidades nas quales todos teñen o seu posto pra traballar pol-o ben da Patria.

A Federación de Sociedades Gallegas e a Institución Cultural Gallega, son os lugares en que todos poden traballar, pra elo, só fai falla que todos sexamos, non so comprensivos, sinón tamen cordos e honrados, mantendo a esas entidades, alonxadas de toda intervención tendenciosa no orden político.

Os nazionalistas, temos xa ben probado, que somos capaces de actuar nos postos directivos co criterio de colaboración devandito, mantendo a nosa acción proselitista con recursos propios.

Si os nosos enemigos teñen en verdade os sentimentos galeguistas de que fan ostentación, deben imitar o noso exemplo, e non aproveitar, como o están facendo ao frente da Federación, a sua situación de directivos, para convertila nun órgano exclusivo, xa non da suas ideias, sinón que tamen dos seus cativos personalismos.

Obra patriótica desinteresada e im persoal e a laboura que fai falla; entroques os camaleóns do nazionalismo, orgústas etc., etc., están empeñados nun choio ostensivamente divisionista.

Non faí mal fumar, senón fumar malo.

UN HABANO

PARTAGAS

DARALLE FELICIDA

Axente: Noso paisano MIGUEL SANCHEZ
25 de Mayo 549 Montevideo

Mariñeiro Galego

Na taberna do "Ché", — un mal pai e mal home, que, en xuntanza c-os fillos e a muller, xamás come,— están catro barudos mariñeiros sentados darredor de unha táboa, na que xogan ós dados, pois non queren baraxa, que é mal xogo, ó seu vér, senón dar ó azaro o gañar ou perder cantos vasos engulan de escumante cerveza, — ouh, sinxelos fidalgos da mariña nobreza!— festexando a chegada do "IRELAND" e do "LAR", bergantins tan velliños, que, de tanto ronsar as cadeas e ancas, pol-os seus escobéns, fondas lañas fixéronles, cál agurras nas séns, e, por bós velanteiros, non hai quien non conoz dende Hamburgo a Bós Aires, riva Pero Mendoza.


Mientras fía a alba lúa n-los boupreses e paos as suídas atrántecas que latezan nas naos que, ó longal da riveira, cal escuras gaivotas, acougan das luitas das salgadas derrotas, baixo á lus morteina da taberna do "Ché", — antre un "good" ou un "leider", ou un forte "¡mon Dieu!" — William Ceibe, Otto Brétema — irlandés e alemán — e Francois da Revolta, — un bretón moi galán — cada un na sua fala, as estóreas contaron desque, fai muito tempo, os seus lares deixaron.

Soio fica, dos catro, sin beber nin falar, un bó fillo de LAXE que navega no "LAR"; mais, ó rogo de Ceibe, por quén siente outo achego, conta Chuco da Dorna, no lenguaxe galego, súa estórea arriscada, doce, tráxica e forte, que, inquedados, escuitan os tres lobos do Norte: — Eu non son mariñeiro que tan só relóu mar: Fún peixeiro de vara, e salín a peixar pol-a COSTA DA MORTE, e, tamén, se á man viña, ia ó xeito e ós rascos, ó palangre, á traíña... — Dinme téma c-os homes, — ¡rapaciño moi novo! — pra axeitálos tramillos e facer un estrobo, atesar unha escota, manexar o timón, e, na parte peixada, lovantéi un quiñón!

Tamén soupen — ¡fai tempo! — tripulal-a buceta que salvóu do naufraxio unha esguía goleta que, á deriva, nos baixos do RONCUDO, pidía a tirasen das poutas da ferós maresia, e, ó lembrai-a, parésme que ouzo o fero balbordo mesturado c-os berros que ceibaban d-abordo. Outras veces, — dualismo do peixeiro galego, que é no mar un rebalo, e na terra un labrego — fún sachal-as patacas, derregar os ervailes, facer monllos de millo, seitural-os toxales, aganchar pol-os pinos pra coutar vellas pólás e tirarlle, de paso, as douradas carolas en laudanza do Caldo feito á nosa costume; pra faguer, no santoreo da Lareira, bó lume, e, seascaso, no vrán, trasnoitéi no muíño, — n-esas noites galegas nas que tece albo liño o luar meiguicento no tear das silveiras, que sospiran os pinos, que se rín as regueiras — véndo ós grans ir caendo no furado da moa e trocarse fariña pra facer Pan de Broa!

...O demáis, xa o sabedes: Rolamar... irolamar!... alonxado da terra onde quenta o meu lar á vellíña que agarda, que relembrá e que chora ó seu fillo, que sófre a suidade nestora, e que siente deixarvos porque pensa que a sorte poida ser lle sorria pol-a "Costa da Morte"!... William Ceibe, Otto Brétema — irlandés e alemán — e Francois da Revolta, — un bretón moi galán — tremecentes, saudosos, adiantaron os brazos, e, — de roiba cerveza coguladol-os vasos — ¡Por Galiza! — escranaron, como arela d-un prego — e por Chuco da Dorna, mariñeiro galego!...

ANTON ZAPATA GARCIA.



Os homes e as ideias

A conduta d-os homes que sustentan ideias, as manifestazós d-os que están colocados como guías de masas, en calquer sentido que sexa, ten de ser, por exemplaridade, a mais outa expresión da ideoloxía que pratican. Cand-un ser consciente se d-a un ideal, ten a obriga de afrontar fría e firmemente o que seye ideal en si encerra. Ten a obriga, de saber si o seu sentir está en concordancia co-a ideia abrazada, e si a sua concencia ten a forteza de sostener contra todos os embates, os puntos fundamentais do seu programa.

Por iso, cando dempois de faguer declaracionis de fé, e amostrar con verbas e feitos estar prenamente identificado c-unha ideia, s-ise home presenta indecisos ou síntomas de retroceso, proba ser un malpocado ou un inconsciente, que se deixou levar, polo entusiasmo qu'un momento despertara no seu intre, un ideal que o seu probe caletre non chegou a comprender. Iste homes, non teñen direito a falar de rectitude ideolóxica en ningun senso, nin poden reclamar pra si o creto d-homes inteiros.

Son os cativos d-espirito c-os arrivistas d-as oportunidades chaman masas consecuentes, por que se deixan manexar sin ningunha cras de oposición. Haláganos, pra faguer co-iles, a sua corte de seguidores. E a plebe qu-os ególatras exprotan en proveito d-as vaidades.

Ben, pois istes probes seres, non van a ningures, nin sirven pra ningún. Son tan fallos de concencia, tan miopes de pensamento, que catro parvadas regularmente ditas, infrutiosas a tal punto, que chegan a convencerse d-a vida. Son os eternos remolcados, non saben o que fan, mais, eu non os quero comigo. Son malos compañeiros sempre, por que son incapaces de pensar por si.

Pro, si a istes hay que non telos en conta pol-a sua inconsistencia ideolóxica; en troques, os outros, os que non se deixan arrastrar, os que sendo conscientes dos seus autos se torcen no vieiro ou tratan se sembrar confusión sobre as ideias, pra istes xa non pode haber perdón. Ben saben onde van e o que queren, e poñen tudolos medios os seus alcances pra conquerilo. Pra istes, nada hay sagrado nin diño de respeto, si non é a finaíade por iles perseguida. Teñen por deus a Vaidade e por lei a granxeira. Fallos de toda ideoloxía, rixen a sua conduta en relación co-as suas ambicios.

Si pra-los outros, os malpocados, temos de poñerll-as costas e arredalos da nosa veira por incapaces; pra istes, pra-los granuxas e desleigados tud-a nosa xenreira. Contra iles, temos d-adicar nosas forzas a-os combatir, hastra desfaguelos coma cousas podres. Hemos de faguerlle guerra sin coartel, por que son os maiores nemigos do ideal. Son peores c-os nemigos declarados, por que s-asconden tras unha máscara de falsa ideoloxía.

Nada ten d-esperar a Patria de tales xentes. Son incapaces da menor abnegación pola Liberdade. Soilo con sacrificios pode ser conquidera.

Pro, si trabucándose, un día tratases de lavar tanto pecado c-o sangue das suas veas, inda entón tería de pensar, qu-iste seu último brinco, soilo era encamiñado a outer, por vaidade, un posto no grupo grorioso d-os mártires.

